



Curso 2023 - 2024

Matrícula presencial no centro de adxudicación

As persoas que participen no proceso de admisión centralizado e obtivesen algunha praza adxudicada terán que matricularse no período de matrícula da correspondente adxudicación. Para efectuar esta matrícula deberán obter o modelo de impreso de solicitude de matrícula que estará dispoñible en <https://www.edu.xunta.gal/ciclosadmission> Este documento, cuberto coa matrícula e asinado, deberá entregarse **persoalmente ou por persoa autorizada** no prazo de matrícula establecido para a correspondente adxudicación no centro en que lle fose adxudicada a praza en que se vaia matricular. Así mesmo, está dispoñible o servizo de reserva/matricula de praza a través da aplicación informática. De non efectuar a reserva/matricula no prazo correspondente á praza adxudicada perderá o dereito á súa praza e só poderá matricularse no caso de existir prazas vacantes.

DOCUMENTACIÓN COMPLEMENTARIA

- DNI, orixinal e copia, non caducado.
- Orixinal ou copia cotexada da titulación de acceso.
- Recibo de pagamento do seguro escolar (para menores de 28 anos) 1.12€ na conta de ABANCA **ES83 2080 0388 2331 10003787**.

No CONCEPTO DE INGRESO deberase poñer:

- CFEA GUÍSAMO
- NOME E APELIDOS D@ ALUMN@
- DNI D@ ALUMN@

No caso de autorizacións:

- Autorización por escrito.
- DNI das dúas persoas (autorizante e autorizado)